

Os Kíts Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



POLOS CREATIVOS

KS-Cosendo co teu pai 2-Pensa

Actividade elaborada coa colaboración de



Achega

- Feltro de cores.
- Tesoira.
- Agulla, dedal, broches metálicos e broche plano.
- Pila botón 3V 2032.
- LED normal.
- Fío téxtil e condutivo.
- Cartón fino.
- Modelos descargables.

Observa

Os circuítos brandos compóñense de pezas electrónicas que se conectan mediante fíos, teas, las e mesmo pinturas. Todos eles teñen en común que posúen a capacidade de conducir a electricidade. Estes materiais flexibles permiten unha maior creatividade e versatilidade na construción de circuítos, xa que non están limitados pola rixidez dos cables e outras pezas.

Indaga

- **Leah Buechley**, diseñadora, enxeñeira, artista e educadora, é unha figura destacada no campo dos téxtiles electrónicos (e-téxtiles), sendo pioneira na converxencia entre arte, tecnoloxía e téxtiles. O seu traballo explora as conexións entre os avances tecnolóxicos e os materiais novos e antigos.
- Leah desenvolveu un método para crear circuítos impresos en tea, o que foi fundamental no campo dos téxtiles electrónicos, e deseñou o kit LilyPad Arduino, que permite a creación de proxectos electrónicos cosibles.
- Esta placa ten forma circular. Será máis apropiada que unha rectangular? Cal pensas que pode ser a forma xeométrica máis axeitada para ter en conta no deseño deste tipo de dispositivos?

Prototipa

- Con este deseño e-téxtil iniciáremos no mundo dos *soft circuits* creando a nosa primeira insignia e-téxtil *THINK*, que representa a primeira idea que nos vén á cabeza. Esta insignia está pensada para iluminarte nesta actividade.
- Corta as pezas para este broche e sigue as indicacións do documento paso a paso.
- Conseguiques que acenda o LED? Moitos parabéns!
- Podes facer outras adaptacións desta proposta deseñando un novo broche e empregando o mesmo portapilas.



Sigue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

